

28 octubre 2003

Os colexios de xornalistas de Catalunya e Galicia impulsan o Consello Xeral a nivel de estado

Xornalistas.- O 24 de outubro de 2003, reuníronse na sede do Col.legi de Xornalistas de Catalunya, en Barcelona, sendeiras delegacións do Col.legi e do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, presididas respectivamente pola Decana do Col.legi, Montserrat Minobis, e o Decano do Colexio, Xosé María García Palmeiro.

Na sesión de traballo fixose un repaso da evolución dos proxectos de ambos os dous colexios no transcurso do último ano, desde que se reuniron en Santiago de Compostela, así como da situación global da profesión no conxunto do Estado e dos retos máis importantes que actualmente encara.

Entre moitos outros temas, falou-se do proxecto de Estatuto do xornalista profesional, do Decálogo para harmonizar as prácticas externas dos alumnos das facultades de comunicación e de información, e do documento do Col.legi de Xornalistas de Catalunya “Pola reforma dos medios de comunicación públicos”, ante as xa inmediatas eleccións ó Parlamento de Catalunya.

24 octubre 2003

Delegacións dos Colexios de Xornalistas de Catalunya e Galicia reuniránse en Barcelona o 24 e 25 de Outubro

Xornalistas.- Delegacións do Col.legi de Periodistes de Catalunya (CPC) e do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG) reuniránse os días 24 e 25 de outubro en Barcelona para revisar os acordos adoptados na primeira reunión celebrada en Santiago de Compostela os días 4 e 5 de outubro de 2002.

Nesa xuntanza acordárase iniciar os trámites necesarios para a creación dunha Federación ou Consejo de Colegios de Periodistas de España, asunto que xa conta co correspondente dictame. Tamén se analizará o Estatuto da Profesión Periodística, que, en forma de anteproxecto, entrou o pasado 1 de outubro no Congreso dos Deputados.

Asuntos como as condicións que deben aplicarse ós estudantes de xornalismo en prácticas, os dereitos laborais dos xornalistas, a situación dos medios de titularidade pública e algúns graves problemas do sector (o Expediente de Regulación de Emprego en Antena 3-TV, por exemplo) serán tamén obxecto de consideración.

03 octubre 2003

O Grupo Socialista presentou no Congreso dos Deputados unha proposición non de lei para regular estatutariamente os dereitos dos xornalistas

Xornalistas.- O Grupo Parlamentario Socialista presentou na Mesa do Congreso dos Deputados unha Proposición non de lei sobre a promulgación dun Estatuto do Periodista Profesional e a Regulación dos Dereitos Laborais dos Periodistas, para o seu debate na Comisión de Política Social e Emprego.

A proposición recolle as propostas formuladas polo Foro de Organizaciones de Periodistas, integrado polo Col.legi de Periodistes de Catalunya (CPC), o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG), a Federación de Asociaciones de la Prensa de España (FAPE), a Federación de Sindicatos de Periodistas (FSP), a Agrupación de Periodistas da Federación de Comunicación e Transportes de Comisiones Obreras (CC.OO.) e a Agrupación General de Periodistas da Unión General de Trabajadores (UGT). A proposición non de lei presentada pide ó Congreso dos Deputados que inste ó Goberno a "elaborar un proxecto lexislativo que regule os dereitos de todo xornalista profesional en España e que constitúa un Estatuto do Periodista Profesional de obrigada incorporación en todos os ámbitos da negociación colectiva dos sectores da comunicación".

27 febrero 2003

O FOP convocará actos contra a privatización da TV pública valenciá e en apoio dun Estatuto da profesión xornalística

Xornalistas.- O Foro de Organizaciones de Periodistas acordou na reunión celebrada o pasado día 26 en Barcelona levar a cabo actos en defensa duns medios públicos plurais, democráticos e ó servicio da cidadanía e contra a privatización da TV pública valenciá. Tamén se impulsarán accións tendentes a explicar a situación do Proxecto de Estatuto Profesional dos Xornalistas, que xa foi entregado a tódolos grupos con representación no Parlamento Español, agás ó Partido Popular (PP).

En relación cos medios públicos e a privatización da Televisión Valenciá, barallouse a posibilidade de convocar un acto en Valencia o vindeiro 26 de marzo coa intervención de representantes das diferentes plataformas de defensa das televisións e as radios de titularidade pública, nun marco de pluralismo e independencia respecto dos gobernos de turno.

Outras iniciativas divulgadoras terán que ver coa necesidade de abrir un debate sobre o Proxecto de Estatuto Profesional do Xornalista e a conseguinte regulación dunha profesión cunha alta porcentaxe de precariedade profesional e laboral. Este proxecto deberá ser tomado en consideración polos grupos parlamentarios.

07 octubre 2002

Xornalistas galegos e cataláns piden control legal da contratación precaria

Xornal.com.- Ambos colexios de xornalistas instarán ás autoridades a realizar un seguimento dos abusos, "cada vez máis frecuentes nas empresas de comunicación", en relación con a contratación temporal e precaria

Ambos colexios, que mantiveron por primeira vez unha xuntanza oficial de traballo en Santiago, destacan a necesidade dunha regulación legal que dea cobertura ós xornalistas autónomos, os colaboradores que cobran por peza publicada e ós estudantes ou licenciados que realizan prácticas en medios de comunicación. En rolda de prensa posterior ó encontro, o decano galego, Xosé María García Palmeiro, destacou ademais que ambos colectivos lembraron iniciar o proceso de creación dunha federación de colexios de xornalistas, unha entidade que suporá "un paso máis na institucionalización do compromiso destes colexios profesionais".

06 octubre 2002

O Col.legi de Catalunya e o Colexio de Galicia inician en Compostela o Proceso de Federación dos Colexios de Xornalistas de España

Xornalistas.- Conscientes da necesidade de afondar nos mecanismos de asociación, defensa e representación dos profesionais da comunicación. Tendo en conta a situación actual, especialmente preocupante para a profesión xornalística e a percepción, ás veces negativa, da sociedade para co exercicio da nosa profesión.

Persuadidos da función social estratéxica e vertebradora que a comunicación exerce nas sociedades libres, democráticas e plurais.

Convencidos da necesidade de potenciar e mellorar esa función para un mellor servizo á sociedade, protagonista e destinataria das mensaxes informativas.

24 mayo 2002

O Estatuto dos Xornalistas é "inconstitucional", según un especialista

Xornalistas.– O profesor de Dereito Constitucional da Universidade de Alcalá de Henares, afirma que dito Estatuto é "inconstitucional" porque limita o acceso á profesión ós titulados, batendo co dereito á liberdade de expresión.

Guillermo Escobar Pena avogou por un reproxectamento "urxente" do Estatuto dos Xornalistas "dentro dos parámetros constitucionais", en rolda de prensa anterior a unha intervención no VIII Ciclo de Conferencias do Club Internacional de Prensa. En opinión de Escobar, quen publicou este ano o libro titulado "O estatuto dos xornalistas", a lexislación, que tamén inclúe unha lei de 1997 de cláusula de conciencia, é "insuficiente" e "se atopa espallado en normas de natureza heteroxénea e, nalgún caso, de discutible constitucionalidade".

21 mayo 2002

O profesor Escobar Roca falará o día 23 en Santiago sobre un estatuto para os xornalistas

Xornalistas.– O profesor de Dereito Constitucional da Universidade de Alcalá de Henares, Guillermo Escobar Roca pronunciará o xoves, 23 de maio, en Santiago unha conferencia sobre Un Estatuto para os Xornalistas. Será ás oito da tarde, no Club Internacional de Prensa de Galicia (Avenida da Coruña, 6), dentro do VIII Ciclo organizado pola Secretaría Xeral para as Relacións cos Medios Informativos, da Xunta de Galicia.

"Un estatuto para os xornalistas" será o argumento desta conferencia de Escobar Roca, que recentemente publicou o libro Estatuto de los Periodistas–Régimen Normativo de la Profesión y Organización de las Empresas de Comunicación. O catedrático de Dereito Constitucional da Universidade de Santiago de Compostela, Carlos Ruiz Miguel, fará a presentación e moderará o coloquio posterior.